

FUMACES, Riós, Ourense

MUIÑEIRA

CHAMÁCHESME POUCA ROUPA
SE TES MOITA TEU PORVEITO
MENOS TEÑO QUE QUITAR
Á NOITE CANDO ME DEITO
AI LALA LALA LALALA
Á NOITE CANDO ME DEITO

HAICHAS BOAS, HAICHAS BOAS
HAICHAS BOAS NA RIBEIRA,
HAICHAS DE MEDIA POLAINA
E HAICHAS DE POLAINA ENTEIRA

CANTAI E BILAI MOCIÑAS
E GARDAI O FARROUPEIRO
A QUE NON CANTA NIN BAILA
É A QUE O DÁ PRIMEIRO

MIÑA NAI POR ME CASAR
OFRECEUME BOIS E VACAS
DESDE QUE ME VIU CASADA
DEUME UNHA CUNCA DE PAPAS

XOTA

PENSACHES PORQUE ERA POBRE
QUE XA ME TIÑAS NA MAO
CANTAS SERDAS TEN UN PORCO
E NON SAE DE MARRAO

*AI, AI, QUE TE LEVA, LEVA
AI, AI QUE TE VAI LEVAR
AI, AI QUE TE LEVA, LEVA
O MARTES DO CARNAVAL*

SON PEQUENA, SON PEQUENA
COMO UN GRAN DE CEBADA
O QUE TEÑO DE PEQUENA
TÉÑOCHO DE RESALADA

RETROUSO

CANDO EU QUIXEN NON
QUIXECHES
I AGORA QUERES NON QUERO
TÚ LÉVALA VIDA TRISTE
I EU BEN ALEGRE QUE A LEVO

RETROUSO

CHÁMACHEME TRUBISQUEIRA
HERBA QUE O GADO NON COME
VALE MÁIS SER TRUBISQUEIRA
CÁ MULLER DE RUÍN HOME

RETROUSO